



1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santiago de Louro ao sudoeste, San Pedro de Muros ao sueste, San Xoán de Serres no centro e norte e San Estevo de Abelleira na esquina nordeste. Extensión: 9,08 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Á confluencia dos principais colectores hídricos da unidade, ábrese unha ampla chaira litoral que se prolonga de sudoeste a nordeste seguindo os vales dos arroios Queimado e Bademado. Esta unidade enmárcase entre a enseada semicircular de Muros, e un arco montañoso, de litoloxía granítica, que reproduce a morfoloxía costeira logo da depresión litoral.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade pertence ao Dominio herciniano. O material que domina amplamente é o granito de dúas micas de gran fino a medio, Tipo Muros. Só na esquina leste-sureste, arredor das alturas de Seisfontes, aparece un granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, Tipo Barbanza. Nesta última zona, ladeira arriba de Ventín aparece un enclave de xistos con niveis de cuarzitas, do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica. O Cuaternario contén depósitos de chaira intermareal no fondo da enseada, lugar ao que desembocan varios cursos fluviais que contan con depósitos aluviais no fondo dos seus sucos e que, xuntos, forman unha pequena chaira aluvial alí, na área de Serres.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido na cunca costeira definido por temperaturas medias anuais superiores a 15° C e precipitacións acumuladas de entre 1200 mm e 1400 mm ao ano; a amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A vertente traseira está máis exposta ás masas de aire húmidas oceánicas aumentando a pluviosidade coa altitude e experimentando un lixeiro descenso as temperaturas polo que os altos da Boca dos Curros e As Forcadas se inclúen no ambiente Temperado e Moi Húmido: temperatura media de 13° C a 14° C, oscilación térmica entre 13,5°C e 14,5°C e precipitacións de 1400 mm a 1800 mm.

OS SOLOS

Na parte interior do esteiro destaca a presenza de solos costeiros relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariña, formando arenosoles albos e fluvisoles arénicos. A vertente mostra unha secuencia edáfica relacionada coa pendente localizándose os cambisoles dísticos no fondo do val, regosoles a media ladeira e na cabeceira os solos máis pobres do tipo leptosol lítico.


AS AUGAS

Na Enseada de Muros, nas Augas Costeiras 20174, conflúen os principais arroios colectores dos relevos circundantes desta unidade. Ao norte cabería citar o arroyo de Valdexeira, que conta con numerosos afluentes como os arroios de Barco Seco ou Bademado, pola súa marxe dereita; aos arroios de San Xoán e Catalán no centro, e o Queimado no sur.

O PATRIMONIO NATURAL

Esteiro con importancia 1110 e 1140, é dicir, os bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais superficiais, e na súa parte alta o ambiente 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. O interior presenta áreas de interese aínda estando bastante transformado. O Rego de Valdexeira acolle pequenos bosques de ribeira (91 E 0) en alinación descontinua. Tamén se observan outras masas deste tipo en Rego do Catalán, entre Serres e A Retorta, ademais de na cabeceira do Rego de San Xoán. Os vales, na chaira costeira, presentan áreas hidromorfas deprimidas con potencialidade para os hábitats de prados húmidos 6420 e 6430. Nas ladeiras baixas son extensas as masas mixtas derivadas da degradación de antigas carballeiras (9230) e soutos (9260). Abundan as agrupacións de frondosas de recolonización a partir de campos abandonados. As partes altas son dominio dos hábitats rochosos do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica e de matogueira, na que domina a breixeira seca europea (4030).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Destaca a variedade de usos na superficie construída, o dominio do uso residencial dáse tanto nos núcleos rurais sobre o val onde se desenvolve o parcelario agrícola, como no arranque do esteiro; nesta localización e ao longo do arroyo Valdexeira tamén se agrupan equipamentos de tipo educativo. O uso industrial verase fortemente incrementado coa apertura dun gran polígono industrial actualmente en execución. Cara ao fondo da unidade a ocupación humana perde peso e o uso agrícola vai deixando paso ás masas de arboredo de masas mixtas e de repoboación no arranque das ladeiras, en cotas máis altas predomina a matogueira. Na franxa litoral as praias quedan cubertas pola marea perdendo valor dende o punto de vista turístico, as construcións patrimoniais e vinculadas ao sector pesqueiro e as zonas de espaxamento ocupan este baleiro. Por último destaca a riqueza dos bancos marisqueiros da enseada.

MORFOLOXÍA

A gran diversidade de edificacións e usos da superficie construída carece da compactidade do solo urbano. A morfoloxía tradicional mantense en núcleos concentrados e de forma lineal sobre o val que acolle o parcelario agrícola. Detectáronse dous Núcleos de identidade do litoral, Baño e Serres. O desenvolvemento lineal de carácter urbano esténdese sobre o bordo do esteiro, a franxa da enseada situada máis ao sur constitúe parte do ámbito periférico do núcleo de Muros, a franxa norte apóiase na vía principal de comunicación que dá entrada ao núcleo. Na confluencia destes asentamentos desenvólvense edificacións compactas de maior volume formando un conxunto de equipamentos de tipo educativo, existen outros de tipo comercial ou deportivo repartidos de forma dispersa por toda a unidade. Estes desvinculáronse do cultivo agrícola en beneficio do uso residencial e a funcionalidade. A implantación dun polígono industrial incorporará un marcado carácter industrial á zona.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 discorre bordeando a franxa litoral e exerce como vía de comunicación principal da comarca. A AC-400 dá acceso a esta zona do litoral polo interior da comarca. O resto da rede viaria conforma unha complexa rede de estradas e camiños que estruturan os diferentes núcleos rurais. A mellora dalgunhas destas vías rompe a homoxeneidade con estas estradas e camiños xa existentes. A proposta dunha variante que percorre a periferia articulará o tecido industrial en execución; actualmente estase a construír o tramo da variante que dá acceso ao polígono industrial de Muros dende os núcleos de Serres. Destaca na franxa litoral o acceso ao muíño das mareas a boca do esteiro como parte do patrimonio cultural da unidade, os paseos peonís na zona de espaxamento do esteiro e o paseo marítimo en Portugalete bordeando a praia da Virxe.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Elementos da arquitectura civil e relixiosa constitúen o abundante patrimonio cultural da unidade. Numerosas casas tradicionais, hórreos ou a escola de Serres, a capela de San Ramón, a igrexa parroquial de San Xoán, o Santuario da Virxe do Camiño é unha impresionante construción de estilo gótico. O vínculo destes núcleos coa rede fluvial e o esteiro está representado por fontes, pontes e muíños, destaca entre estes o muíño do Pozo do Cachón, a súa importancia estriba en que é un dos muíños desta tipoloxía máis grandes da península e as súas instalacións teñen un alto valor etnográfico e artístico. Antigas fábricas de salgadeira e conserveiras na liña costeira recollen a testemuña da tradición marítima pesqueira que domina na comarca. As festas patronais celébranse en honra a San Xoán o 24 de xuño. O patrimonio arqueolóxico constitúeno numerosos petroglifos e os achados nos castros de Miraflores e de Ventín.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A complexa rede creada coa construción dos novos asentamentos substitúe o uso das parcelas destinadas ao cultivo por vivendas e equipamentos que se dispersan buscando a funcionalidade, apoiándose na mellora da rede viaria. A proximidade da poboación de Muros tamén xerou a expansión dunha trama periurbana na franxa litoral. Estas circunstancias estruturan novas estratexias de ocupación e certas tensións sobre a paisaxe rural, como a xerada pola construción do polígono industrial de Muros. Toda esta complexa armazón non presenta a compactidade do solo urbano, senón que os diferentes asentamentos non chegan a integrarse diferenciándose aínda os núcleos fundacionais dos novos asentamentos.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta paisaxe forma parte da rede de esteiros existente na ría de Muros e Noia, singularízase polas súas peculiaridades fisiográficas, formando unha gran plataforma practicamente plana cercada polas ladeiras montañosas ao fondo. As cuncas fluviais que se deslizan aproveitando as vertentes das ladeiras conflúen na enseada de Muros xerando unha lectura unitaria e coherente da paisaxe grazas á potencia que adquire o conxunto ao fundirse co esteiro de Serres. O potencial ecolóxico da unidade vén determinado principalmente pola presenza de bancos arenosos e lamacentos intermareais, estas formacións naturais son aproveitadas para a explotación marisqueira sendo un dos piares socioeconómicos en toda a ría de Muros e Noia. Aínda que a orientación da unidade fai que se resgarde na enseada de Muros, a chaira costeira permite as conexións visuais entre a costa e o sistema montañoso interior. O enclave de maior interese e de maior fragilidade visual desta paisaxe radica na visión do esteiro de Serres, nunha posición culminante sobre a enseada, salpicada de gamelas e pequenas embarcacións tradicionais, ofrece unha cunca visual que apunta claramente na dirección do río Valdexeiras que vertebra o val e as montañas incorporan un fondo escénico de singular beleza. Unha boa visión desta paisaxe obtense dende a área recreativa próxima ao muiño das mareas, ofrecendo planos de proximidade e a posibilidade de considerar parte do abundante patrimonio cultural da unidade e a súa relación coa ría de Muros e Noia. Dende o muiño de mareas pódese percibir unha ampla panorámica da Enseada de Muros



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



